

A folla azul

XERAIS



Colección **merlin**

PREMIO
MERLÍN
2020

ANDREA MACEIRAS

A folla azul

ilustracións de **Sonia García**



XERAIS

Título: A folla azul
Autora: Andrea Maceiras
Editorial: Xerais
Colección: Merlin
Nº páxinas: 184
ISBN:

978-84-9121-844-9

A autora

Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) é licenciada en Filoloxía Galega e Hispánica. No eido do relato curto obtivo en varias ocasións o primeiro premio do Certame Literario do Concello de Cambre nas modalidades de narrativa e poesía, así como o segundo premio do X Certame Literario de Relatos Curtos Os Viadutos do Concello de Redondela polo seu relato *Cando foi a última vez que pasou fame de verdade?* A súa primeira novela xuvenil, *Proxecto Bolboreta*, foi publicada na colección Fóra de Xogo en Xerais no ano 2007 como obra gañadora do I Certame de Micronovela do Concello de Soutomaior. En 2010 queda finalista do VI Premio de Novela Biblos-Pazos de Galicia. Nese mesmo ano gaña o 4º Premio Meiga Moira coa súa obra *Violeta Tamurana* (2010), que tamén queda finalista do Premio da Edición 2010 e do Premio Frei Martín Sarmiento 2011. Con *Nubes de evolución* (Xerais 2013) quedou finalista do Premio Fundación Nova Caixa Galicia 2011 e gañadora do Premio Fervenzas Literarias, 2014. Con *Volverás, golfiño* (Xerais 2014) quedou finalista do Premio Merlin en 2013. En 2015 gañou o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil con *Europa Express* (Xerais 2015). En 2017 foi finalista do Premio Raíña Lupa con *O que sei do silencio* (Xerais 2018). Coa novela *Conta nove estrelas* (Xerais 2019) gañou o Premio Lazarillo en 2018, e con *A folla azul* (Xerais 2021) gañou o Premio Merlin 2020.



A ilustradora

Sonia García é unha rapaza de mar que naceu en Ribeira, agora embarcada en Santiago de Compostela. Desempeña o labor de docente na especialidade musical con cativos e cativas. Tamén traballa como ilustradora, actriz de teatro, deseñadora e videocreadora. En 2017 debuta como ilustradora e autora do álbum *Sementes* (Xerais, 2017). Outras obras ilustradas en Xerais son *O Chispas* (2020), *A folla azul*, Premio Merlin 2020, e *A cidade do átomo* (2021), IV Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade.



Resumo argumental

Na selva amazónica do Brasil vive a nena da tribo Tacaré, Husu Aké. A avoa de Husu Aké ten poderes adiviñatorios. Intúe que o home branco chegará ás terras dos Tacaré

causando grandes problemas, por iso decide compartir coa neta todos os seus coñecementos, incluídos aqueles que adquiriu de nena cando viviu entre os brancos como a lingua portuguesa.

O día que os brancos chegan á aldea, a avoa de Husu Aké pídelle á nena que abandone o poboado. Os brancos, portadores de virus descoñecidos para os Tacaré, contaxian a poboación. Todos menos a avoa caen enfermos.

Cando Husu Aké regresa á aldea, o xefe noméaa guerreira para que parta en busca de axuda aos habitantes do poboado. A nena, tras ter a enigmática visión dunha folla azul, percorre os confíns da selva ata dar co home branco. O que alí atopa espántaa. O home branco está a destruír a natureza para conseguir ouro. Por sorte, tamén hai brancos bos. Husu Aké coñece unha familia que a axuda. O pai é médico e canda a nai, que é avogada, forman parte dunha ONG cuxo símbolo é unha folla azul. A familia viaxa coa nena á aldea e, grazas aos coñecementos médicos do pai, consegue curar a enfermidade que decimaba a poboación.

Husu Aké salvou a súa xente, pero algo nela cambiou para sempre. A nena acabará deixando a aldea para vivir coa familia branca. Alí converterase en avogada e nunha activista polos dereitos dos pobos indíxenas.

Temas e valores

Os dereitos dos pobos indíxenas

A novela reivindica a vida dos indíxenas e os seus dereitos como pobos.

A destrucción da natureza

A novela evidencia o forte contraste entre o estilo de vida sostible dos indíxenas e a civilización depredadora do home branco.

O encontro entre civilizacións

A novela aposta pola posibilidade dun encontro non traumático entre as civilizacións indíxenas e a moderna civilización occidental.

Actividades

Antes da lectura

- Imaxinar un argumento partindo da ilustración da portada.

- Vendo a ilustración da portada, en que parte do mundo pensan que estará ambientada a novela?

Despois da lectura

- Reflexionar sobre que podería suceder no mundo se desaparecese a Amazonia e outros espazos arborados do planeta.
 - Que opinan das ONG? Cren que fan un bo labor? Por que?

Ficha a1 (antes da lectura)

1. Describe que ilustración alternativa farías para o libro tendo en conta o texto da contraportada.

2. Sitúa a Amazonia nun mapa. Que Estados teñen territorio nesa inmensa masa arboizada?

Ficha d1 (despois da lectura)

1. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Lóstrego (10)

Mandioca (p. 12)

Recender (p. 16)

Premonición (p. 19)

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Orela (p. 20)

Don (p. 24)

Térmita (p. 27)

Calafrio (p. 29)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Gabear (p. 32)

Amorear (p. 43)

Escondedoiro (p. 47)

6. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

7. Que quere dicir a nai de Husu Aké cando afirma: «A avoa era como unha árbore arrinuada e plantada de novo e que por iso algunas veces non atopaba o seu lugar na aldea»?

8. Cres que é posible combinar o modo de vida occidental co xeito respectuoso coa natureza dos pobos indíxenas? Razoa a túa resposta.

Ficha d2 (despois da lectura)

1. Como é o peiteado que a nai de Husu Aké lle fixo á nena cando cumpriu 5 anos? Que simbolizaba?

2. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras:

Racionar (p. 48)

Reflectir (p. 53)

Lapa (p. 54)

Cinsa (p. 57)

3. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que aparezca o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

4. Escribe cinco palabras que describan a personalidade de Arumi, a avoa de Husu Aké.

5. Que é a folla azul empregada como símbolo pola ONG da familia que acolleu a Husu Aké?

6. Busca información sobre a ONU, o organismo no que fala Husu Aké cando se converte en avogada. Que é? Cando se constituíu? Cales son as súas funcións? Escribe aquí un resumo das túas pesquisas.


Ficha d3 (despois da lectura)

1. Como chaman ao home branco no poboado dos Tacaré?

2. Que habilidade tiñan os Hummi, un dos pobos da Amazonia que atopa Husu Aké na súa viaxe á procura da folla azul?

3. Comenta o seguinte texto das páxinas 37 e 38.

Co tempo fun afinando a miña puntería. Saía soa do poboado, agochábame no mundo verde e disparaba frechas ás follas e ás árbores, cada vez con máis tino. Lanzar frechas gustábame moito, pero naqueles días nunca matei ningún animal. Eu estaba ben alimentada grazas á caza que traían os homes da tribo. Non debía ofender a Nai Terra con mortes inútiles.



Pedidos a

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12 • 36211 Vigo
Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal

